

POSTA EN MARCHA DO NOVO PROGRAMA LANZADEIRAS DE EMPREGO 2018

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, xunto coa Fundación Santa María la Real ea Fundación Telefónica, co cofinanciamento do Fondo Social Europeo, pon en marcha unhanova edición das lanzadeiras de emprego, que se levarán a cabo nas localidades de:

A Coruña

Santiago de Compostela

Ferrol

Lugo

Pontevedra

En que consiste este programa?

Cada lanzadeira servirá para **ADESTRAR** a un equipo de 20 persoas **desempregadas para realizar unha NOVA PROCURA DE TRABALLO**, acorde ao mercado laboral actual.

Xa non estarás só/a na procura de traballo. Contarás coa axuda dun/ha técnico/a duranteos 5 meses que dura o programa. Contigo estarán tamén outras persoas desempregadas, que vos axudaredes mutuamente a buscar traballo.

Que actividades farás na lanzadeira?

- Aprenderás a actualizar o teu currículo e adestrarás procesos de selección reais, con simulaciónsde entrevistas de traballo.
- Coñecerás novas técnicas de comunicación e marca persoal, para saber presentarte mellora un posto de traballo.
- Reforzarás a procura de emprego na internet, en portais de emprego e redes sociais, conbradoiros para manexas correctamente.
- Todos xuntos faredes un rastrexo de empresas da contorna e visitarédelas para darvos a coñecer como profesionais.

Características das lanzadeiras

A participación é **VOLUNTARIA** e as actuacións son **TOTALMENTE GRATUÍTAS**, polo que **TAMPOUCO** darán lugar a **COMPENSACIÓNS ECONÓMICAS**

Que resultados teñen as lanzadeiras de emprego?

Con este esquema funcionaron xa máis de 450 lanzadeiras por todo o país con máis de 10.000 participantes, dos cales máis do 50% conseguiron un emprego por conta propia ou allea..

Animaste a participar?

Tés ata o 31 de outubro de 2018 para inscribirte na web de lanzadeiras, onde atoparás toda a información:

<http://lanzaderasdeempleo.es/formulario-de-inscripcion..>

Tamén podes informarte, solicitar e entregar impresos de inscrición a través:

- das oficinas de emprego
- dos axentes de emprego e desenvolvemento local.

Máis información?

Facebook: LanzaderasDeEmpleo

Twitter: @Lanzaderas_EES

Tel.: 91 522 12 62

Email: info@lanzaderasdeempleo.es

Os interesados no programa poderán dirixirse a calquera oficina do SPEG ou aos axentes de emprego e desenvolvemento local de Galicia.

As solicitudes de participación neste programa recibidas en formato papel, deberán remitilas á **MAIOR BREVIDADE POSIBLE**, a:

LANZADEIRAS DE EMPREGO 2018

Subdirección Xeral de Emprego

Secretaría Xeral de Emprego

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Edif. Administrativos San Lázaro, s/n - planta 2ª

15781 Santiago de Compostela

a medida que se vaian recibindo, co fin de poder centralizar na Secretaría Xeral de Emprego todas as solicitudes e poder remitilos ás persoas que actúen como coordinadoras para que poidan facer as entrevistas canto antes.

Se existe alguna dúbida neste sentido poden poñerse en contacto con:

María Fernández Mariño – tel.: 981544690 –

maria.fernandez.marino@xunta.gal

10. Este programa vaise desenvolver durante un período de 5 meses, catro días á semana en horario de 9:00 a 14:00 h.